

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 5 DE SETEMBRO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 5 de setembro de 2013, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez,
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario accidental Don José de Lis Santos-Ascarza (resolución delegación de 29 de agosto de 2013). Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, fai uso da palabra e di que na resolución da convocatoria do Pleno, por un erro, non se incluíu a aprobación das actas dos Plenos de xuño e de xullo, polo que despois enviouse unha resolución para corrección de erros, polo que o primeiro punto da orde do día será a aprobación das citadas actas. De seguido procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Actas do Pleno das sesións celebradas os días 6 de xuño e 4 de xullo de 2013.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer ás actas das sesións celebradas polo Pleno os días 6 de xuño e 4 de xullo de 2013 e non formulándose ningunha, as devanditas actas resultaron aprobadas por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda. Contas e Promoción Económica relativo á aprobación do crédito extraordinario 01/2013.

Di o sr Alcalde que, como xa se explicou na Comisión de Facenda, este é un crédito extraordinario que se saca do remanente de Tesourería para gastos xerais do ano 2012, que como xa se sabe ascendeu a 926.000€ e se detrae dese remanente de Tesourería para facer fronte ao pago da construción da escollera que se ten feito na Cerámica. Di que nestas cantidades xa están contempladas absolutamente todas as partidas que serán necesarias para o remate da mesma, como así o dixeron os técnicos que levaron a cabo tanto a redacción do proxecto como o propio seguimento das obras. Di que as obras non se acabaron aínda porque un dos afectados quere facer unhas obras na parte de atrás do chalé e que afectaría despois á obra que se quere realizar, o que xa se lle explicou aos veciños, polo que agora espérase que na primeira quincena de setembro presente o proxecto e remate as obras no menor tempo posible. Di o alcalde que nos 120.000€ están incluídos tanto o que xa está feito como os muros perimetrais e a varanda que hai que facer sobre a propia escollera, así como todas as obras de reposición, de beirarrúas e demais, que co paso da maquinaria se estragaron e hai que refacer.

Concédeselle a palabra ao sr Blanco Paradelo quen, despois de desexar que disfrutaran dunhas boas e merecidas vacacións, di que o seu Grupo vai votar a favor porque entende que dende o Concello estívose tratando de buscar algún tipo de responsabilidade que puidera facerse cargo deste accidente, e que tamén se buscou algún tipo de subvención, que non encaixou, e polo tanto entende, como pensa que tamén o entende a cidadanía, que ante este tipo de catástrofes o Concello debe estar aí. Di que quere matizar que existe informe favorable en canto ao que é a modificación orzamentaria pero desfavorable respecto da estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, se ben, o motivo require o acordo favorable.

Di o sr Blanco que tamén debe sinalarse que houbo algúns erros en canto á seguridade da obra, como xa sabe o Alcalde, que se supón que sería froito das presas, que houbo tamén algunha falta de sinalización, pero que cando o seu Grupo presentou o escrito denunciándoo aquela mesma tarde xa se solucionou. Remata o sr Blanco reiterando que o seu Grupo vai votar a favor.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seu dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1- Logo de ver a providencia da Alcaldía de 28 de agosto de 2013 incoando expediente de concesión de crédito extraordinario nº 01/2013 financiado con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, por un importe conxunto de cento vinte e sete mil trescentos setenta e nove euros con noventa e cinco céntimos (127.379,95€), para o financiamento dos gastos citados, modificando simultaneamente o anexo de investimentos do referido Orzamento Xeral.

2- Logo de ver a Memoria xustificativa do crédito extraordinario:

En cumprimento do preceptuado nos artigos 177.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 37.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, a Alcaldía-Presidencia da Corporación eleva a coñecemento do Pleno do Concello a seguinte memoria explicativa.

Necesidade do crédito extraordinario.

O 12 de marzo pasado, e tras un inverno con moita choiva, rexistrábase o derrubamento dun muro de contención situado na Urbanización A Cerámica. Trátase dun muro realizado no seu día polo promotor das obras, e que se situaba ao final dos xardíns da parte posterior dunha fase de vivendas de dita urbanización. O derrubamento provocou roturas na rede de sumidoiros, caída de parte da rede de alumeado público, desaparición de parte da beirarrúa e danos na calzada. Tamén afectou a parte do terreo de xardíns e adegas dunha vivenda, e grave risco para dous dos chalés situados nesta zona.

A actuación do Concello do Barco ante o derrubamento foi inmediata, para evitar posibles riscos para as persoas. Ao mesmo tempo, procedeuse ao estudo das obras que serían precisas tanto para a reparación dos danos nos bens públicos, como para garantir a

seguridade das vivendas e restituír o muro de contención, con todas as garantías para evitar que a acumulación de auga procedente da choiva puidera provocar un novo incidente. Das consultas técnicas resultou, como opción máis adecuada, a necesidade de construír, pola vía de urxencia, un novo muro de contención elaborado con pedras de grande tamaño, cunha técnica de colocación que permitirá garantir a súa operatividade estrutural, ademais de permitir a saída das augas de choiva que, polas características de terro, poidan coincidir en dita zona. Ao mesmo tempo, solicitouse unha subvención ao goberno central, ao abeiro dunha liña de axudas existente para obras derivadas dos danos provocados por situacións de catástrofe. Dado que dita axuda foi denegada, por consideraren a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio de Interior que o derrubamento non pode entenderse como derivado dunha catástrofe, é polo que o Concello vese na obriga de asumir en solitario o financiamento dos traballos mencionados. A obra adxudicouse pola vía de urxencia a unha empresa da zona con experiencia neste tipo de actuacións, co presuposto que se indica nesta memoria e que resulta axustado ás características da obra realizada.

Carácter do gasto proposto:

O gasto proposto ten carácter específico e determinado en canto a súa finalidade e contía por canto atende á necesidade da dotación orzamentaria da partida á que debe imputarse o gasto que ocasione a amentada actuación.

Detalle da proposta de partidas a dotar e do financiamento da modificación.

Estudadas as devanditas necesidades e as vixentes posibilidades de financiamento, por esta Alcaldía proponse que o crédito extraordinario, polo que se dotaría de crédito á partida que se indica a continuación, modificando polo tanto o anexo de investimentos do Orzamento de Xeral do Concello, sexa financiado con cargo a:

Remanente de Tesourería para gastos xerais (artigo 36.1.a. RD 500/1990), calculado segundo as regras 81 a 86 da ICAL, resultando positiva por importe suficiente para atender as necesidades de crédito cuxa dotación se propón na presente modificación orzamentaria.

Partidas e proxectos de gasto que se crean mediante o expediente de crédito extraordinario proposto:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Importe partida</u>	<u>Proxecto</u>	<u>Importe proxecto</u>
2013-151/63213	Muro Escollera de Urbanización "A Cerámica"	116.087,30 €	2013-48	127.379,95 €
	Muro Escollera de Urbanización "A Cerámica": redacción de proxecto, estudos e dirección de obra	11.292,65 €		
2013-151/63223				127.379,95 €

Deste xeito, propónse a simultánea modificación do anexo de investimentos do Orzamento Xeral do Concello para 2013, mediante a introdución dun novo proxecto de gasto (2013-48), asociado ás partidas que se crean 2013-151/632.13. e 2013-151/632.23. por importe de 127.379,95 €, a financiar con cargo ao Remanente de tesourería para gastos xerais. Propónse que a modificación do anexo de investimentos sexa nos seguintes termos:

<u>Proxecto</u>	<u>Concepto</u>	<u>Axentes</u>	<u>Importe axentes</u>	<u>Importe total</u>
2011-45	Muro Escollera de Urbanización "A Cerámica"	Remanente de tesourería para gastos xerais	127.379,95 €	127.379,95 €
			127.379,95 €	127.379,95 €

O importe total da modificación proposta mediante crédito extraordinario 01/2013, acada o importe de cento vinte e sete mil trescentos setenta e nove euros con noventa e cinco céntimos (127.379,95 €).

3- Logo de ver os informes do Interventor municipal de data 28/08/2013, de desconformidade en materia de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

ACORDAMOS

- 1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario nº 01/2013.**
- 2. Exposición pública por quince días hábiles, con anuncio no taboleiro de edictos e no BOP (artículo 169.1 TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes e se non houbera, considerarase definitivamente publicado o expediente, debendo procederse en ámbolos casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resume por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3 TRLRFL.**

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre corrección de erros materiais ou aritméticos na desagregación por capítulos do orzamento de gastos 2013.

Di o sr Alcalde que este é un tema máis ben de forma. Explica o Alcalde que unha vez aprobado inicialmente o orzamento expúxose ao público por prazo de quince días, e transcorrido dito prazo, remitíronse ao BOP unha serie de datos para su publicación e entrada en vigor. Di o Alcalde que nesa segunda publicación que se manda ao BOP trabucáronse algunhas cantidades, concretamente no Capítulo 2 e no Capítulo 4, xa que onde tiña que dicir 3.567.000, dicía 3.713.000, e onde tiña que dicir 244.000 dicía 187.000, que é un tema de forma, como xa dixo, e que a petición dos servizos económicos debe vir ao Pleno a corrección deste erro material

Fai uso da palabra ao sr Blanco Paradelo quen di que simplemente é unha cuestión técnica, que o seu Grupo nos Orzamentos votaran en contra pero tanto neste punto como no seguinte vanse a abster.

Non producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

O Pleno do Concello do Barco de Valdeorras, na sesión ordinaria celebrada o día 04 de xullo do 2013, aprobou o ditame da Comisión de Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación do Orzamento da Corporación para 2013. O Orzamento aprobouse definitivamente con data 02 de agosto do 2013, no entanto, co gallo de posteriores trámites constatouse un erro material na desagregación por capítulos do Orzamento de gasto, erros en virtude dos que os capítulos 2 e 4 do Orzamento de gastos recollían importes erróneos, pois 56.137,76 € que deberían figurar no capítulo 4, aparecían recollidos no capítulo 2.

1º.- On di:

(.....)

Capítulo 2	Gastos en báns correntes e servizos	3.713.996,27 €
Capítulo 4	Transferencias correntes	187.927,18 €

Debe decir:

(.....)

Capítulo 2	Gastos en béns correntes e servizos	3.567.858,51 €
Capítulo 4	Transferencias correntes	244.064,94 €

Unha vez aprobada a amentada rectificación, o resumo por capítulos é o seguinte:

	<u>Ingresos</u>		<u>Gastos</u>
Capítulo 1	3.196.990,14 €	Capítulo1	3.562.900,20 €
Capítulo 2	55.969,80 €	Capítulo 2	3.657.858,51 €
Capítulo 3	1.338607,38 €	Capítulo 3	34.146,27 €
Capítulo 4	3.432.229,59 €	Capítulo 4	224.064,94 €
Capítulo 5	131.871,19 €	Capítulo 5	- €
Capítulo 6	- €	Capítulo 6	315.361,04 €
Capítulo 7	30.972,36 €	Capítulo 7	84.024,37 €
Capítulo 8	4.068,37 €	Capítulo 8	- €
Capítulo 9	- €	Capítulo 9	281.032,97 €
	8.190.708,83 €		8.179.388,30 €

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre corrección de erros materiais ou aritméticos sobre relación de subvencións nominativas e axudas do orzamento municipal.

Di o sr Alcalde que se trata novamente dun tema de forma. Que nos orzamentos hai unha partida de 53.000€ para a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) destinados a unha serie de becas de titulados universitarios para que fagan prácticas no Concello do Barco durante un ano. Di o Alcalde que dende Intervención se considera que esa partida é e segue sendo correcta, pero ao entregarlle o Concello eses cartos a FEUGA, xa que é o máis sinxelo para o Concello xa que FEUGA contrata, paga a Seguridade Social e faise cargo de todos os custos que haxa, constitúe unha subvención nominativa que debe incluírse no anexo de subvencións nominativas.

No producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

O Pleno do Concello do Barco de Valdeorras, na sesión ordinaria celebrada o día 04 de xullo do 2013, aprobou o ditame da Comisión de Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación do Orzamento da Corporación para 2013. O Orzamento aprobouse definitivamente con data 02 de agosto do 2013, no entanto, co gallo de posteriores trámites constatouse un erro material consistente na omisión no Anexo de Subvencións nominativas dunha transferencia corrente denominada “Transferencias correntes a fundacións da Comunidade Autónoma (Fundación Empresa-Universidade Galega)” e contida na partida 241/452.00 por importe de 53.000,00 €. Dados os antecedentes expostos,

ACORDAMOS

1º.- Onde di:

ANEXO I

RELACIÓN NOMINAL DE SUBVENCIONES, DONATIVOS E AXUDAS

(....Texto omitido....)

Debe dicir;

ANEXO I

RELACIÓN NOMINAL DE SUBVENCIONES, DONATIVOS E AXUDAS

(....)

13º. Con cargo á aplicación 2013-241/452.00 prevese a achega á Fundación Empresa – Universidade Galega, por importe de 53.000,00€.

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión demanial sobre a praza de garaxe num. 38 do soterrado do edificio de usos múltiples municipal a D. Demetrio Feliz Martínez.

Di o sr Alcalde que trátase dunha persoa que fixo unha solicitude dunha praza no garaxe do edificio de usos múltiples, que xa se fixeron todos os trámites, comisións, mesas correspondentes, que se fixo o pago da parte que correspondía e que agora falta que o Pleno tome o acordo de adxudicar esa praza para que o solicitante empece a disfrutar dela.

Concédeselle a palabra ao sr Blanco Paradelo quen di que o seu Grupo vai votar a favor. Di que este é un dos primeiros temas nos que, como concelleiro da Corporación, traballou dende o principio, interesándose por impulsar a súa promoción e venda, e que tamén dende o principio insistiu en que había que constituír a comunidade de propietarios e sacar algunha fórmula para poder poñelas en réxime de aluguer para as oficinas próximas, entidades bancarias, despachos, etc.,. Di que o certo é que non funcionou como debería de funcionar un aparcamento soterrado no centro da vila, e que aínda que as condicións e os prezos eran axeitados, pensa que faltou buscar fórmulas. Dille ó Alcalde que se segue neste tema como noutros, pois a día de hoxe está sen constituír a comunidade de propietarios, é dicir, se insiste, pero as cousas van a trancas e barrancas, e o que debería facerse é sentarse e buscar unha solución. Remata dicindo o sr Blanco que non pode entender coma nun aparcamento nun edificio de recente construción no centro da vila coa falta de aparcamento que hai non funcionaran as cousas.

Di o sr Alcalde que os técnicos saben que hai que facer a comunidade de propietarios, pero que lévase un tempo intentando poñer todo o traballo en orde, avanzando moito neste proceso, pero que este tema aínda non se resolveu, querendo el tamén quere que se faga canto antes. Di que non é certo que non se faga caso pois o PP presentou nalgún momento o tema do aluguer e eso aprobouse e hai prazas en aluguer. Di o Alcalde que o grupo de goberno son os primeiros sorprendidos de que non funcione o aparcamento, que o proxecto orixinal ía coa metade de prazas de garaxe, e ao terse, antes de comezar o edificio, 44 solicitudes de prazas de aparcamento porque fíxose unha sondaxe previa, decidiuse amplialas e duplicalas e facer o que é toda a praza de soto, pois efectivamente era un servizo que se prestaba aos cidadáns pois hai moitos edificios nesta zona sen prazas de garaxe e non só uns ingresos para o Concello.

Di que sorprendentemente cando se sacou a primeira vez a concurso solo se presentaron 13 solicitudes, que non o entende, sinalando que incluso hoxe que a construción e o prezo das cousas baixaron, os 8.000€ de concesión segue sendo unha cantidade que dificilmente se vai a atopar no mercado libre nesta zona, estando o aluguer a prezo de mercado.

Di o sr Blanco Paradelo que na constitución da comunidade de propietarios, máis aló dos gastos está o tema das responsabilidades, sinalando tamén que hai un tema que estaba nas bases do propio convenio e nos contratos de adxudicación cal é que o tempo da concesión empezará a contar a partir da constitución da comunidade de propietarios, o que pode supor que nalgún momento alguén poida dicir que a constitución da comunidade de propietarios fíxose en tal día e a partir de aí empeza a contar a súa adxudicación.

Di o Alcalde que en breve haberá un oco para que o técnico que teña que facer eso se meta con elo e se poda traer a maior brevidade posible.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Logo de ver a solicitude de concesión demanial sobre a praza de garaxe número 38, presentada por D Demetrio Feliz Martínez (r.e. núm. 3.462 de 18 de abril de 2013).

Logo de ver a reunión da Mesa de contratación, de 1 de xullo de 2013, na que, tras o estudo da documentación presentada, propónselle coma adxudicatario de dita praza por un prazo de duración de 68 anos e un canon de concesión 8.042,40 euros.

Logo de ver a documentación presentada polo interesado (r.e. núm. 6.659 de 26 de xullo de 2013), tralo requirimento formulado (r.s. núm. 4.012 de 10 de xullo de 2013), en particular: certificación administrativa acreditativa de estar ao corrente das obrigacións tributarias do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, Facenda Municipal, Seguridade Social e documentación xustificativa do ingreso dun tercio do canon concesional (2.680,80 euros) en concepto de primeira entrega.

Logo de ver canto preceptúa a Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, Real Decreto 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das

Entidades Locais, Real Decreto-Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e o Prego regulador das concesións.

ACORDAMOS:

1.- Adxudicar a concesión demanial sobre a seguinte praza de garaxe ao solicitante que se relaciona nas condicións que se indican:

Praza	Solicitante	Prazo	Canon
38	D Demetrio Feliz Martínez	68 anos	8.042,40 euros

2.- Requirir ao adxudicatario para que dentro dos 30 días seguintes á recepción da presente, proceda ao ingreso do resto do canon concesional pendente (5.361,60) e á formalización do contrato de concesión.

3.- De non proceder á formalización no prazo indicado, o Concello poderá declarar extinguida a concesión ou a autorización con incautación da parte do canon depositado por ter a todos os efectos a consideración de garantía provisional segundo a cláusula 12 dos Pregos reguladores.

6º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre as festas locais do concello do Barco de Valdeorras para o ano 2014.

Respecto das festas locais, di o sr Alcalde que o ano que ven será practicamente como este ano. No presente ano o día do Cristo foi sábado e consultóuselle primeiro ao Centro Comercial Aberto e a AEVA e púxose a festa o luns, entón o ano que ven coincide en domingo e o día santo será o luns. Di que o día de Santa Rita non ten problema porque é xoves e proponse o día que é o 22.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Vista a competencia do Pleno da Corporación para propor á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo o artigo 46 do R.D. 2001/1983.

Atendendo ás costumes e usos propios desta Vila no relativo ás súas festas máis sinaladas.

ACORDAMOS:

1.- Determinar como festas locais do Concello de O Barco de Valdeorras para o ano 2014 os días:

22 de Maio (xoves), Santa Rita.

15 de Setembro (luns), O Cristo.

2.- Dese traslado do presente Acordo ó Servizo de Relacións Laborais do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

7º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por D^a Teresa López Velasco

Di o sr Alcalde que solicítase a bonificación do ICIO para obras de reforma en Raxoá, e ten o informe favorable.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D^a Teresa López Velasco (R.E. 1 de xullo de 2013) de interese social e histórico artística ou etnográfico, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do I.C.I.O.

8º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por D Alfredo Arias Domínguez

Di o sr Alcalde que solicítase a bonificación do ICIO para obras de reconstrucción na rúa as Covas, de Vilanova. Ten o informe desfavorable, non procedería a concesión da bonificación por estar as obras fóra do casco tradicional, pois está na zona de expansión e a normativa di que non procede.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo quen di que o seu Grupo vai votar en contra, volvendo a insistir neste tema e mantendo unha postura de coherencia. Di que nestes intres o máis axeitado é tratar de impulsar todas as obras de rehabilitación e de reforma con bonificacións, sen que teña culpa o solicitante de que a súa vivenda estea cen metros máis cara un lado ou cara outro, xa que o importante é que vai facer unha obra, que vai facer unha inversión, unha mellora, e polo tanto debería verse beneficiado con algún tipo de bonificación, aínda que non sexa a mesma que nos outros casos. Por iso pero pensa que se está a producir un agravio comparativo para esa persoa polo que votarán en contra de que se denegue esta bonificación.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

1.- A non declaración da obra solicitada por D^a Alfredo Arias Domínguez (R.E. 18 de xullo de 2013) de interese social e histórico artístico, por non concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artístico e cultural, en base ó informe do Arquitecto Municipal.

2.- Proponer á Xunta de Goberno Local a non procedencia da bonificación do ICIO solicitada .

9º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por D.Luis Alberto Prada Neira

Di o sr Alcalde que solicítase a bonificación do ICIO para obras de rehabilitación de vivenda na rúa do Buraco, de Veigamuíños, e ten o informe favorable

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D Luis Alberto Prada Neira (R.E. 2 de agosto de 2013) de interese social e histórico

artística ou etnográfico, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do I.C.I.O.

10º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada polo Bispado de Astorga

Di o sr Alcalde que solicítase a bonificación do ICIO para obras de reparación da cuberta da capela de San Sebastián en Pacios-Xagoaza e ten o informe favorable.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada polo Bispado de Astorga, representado por D Angel Emilio Sánchez Cao (R.E. 14 de agosto de 2013) de interese social e histórico artística ou etnográfico, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

11º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por D. Pedro Núñez Moldes.

Di o sr Alcalde que solicítase a bonificación do ICIO para obras de reposición de canalones na Vila do Castro, e ten o informe favorable.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D Pedro Núñez Moldes (R.E. 21 de agosto de 2013) de interese social e histórico artística ou etnográfico, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

12º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre concesión de bonificación do ICIO solicitada por D^a Teodora de Paz Domínguez

Di o sr Alcalde que solicítase a bonificación do ICIO para obras de colocación de fiestras de ferro nunha edificación da Vila do Castro, e ten o informe favorable.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D^a Teodora de Paz Domínguez (R.E. 9 de xullo de 2013) de interese social e histórico artística, por concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artísticas e culturais.

Segundo: Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

13º Previa ratificación da súa inclusión na orde de día, moción do Grupo Municipal do P.P. relativa ao rexeitamento e condena do terrorismo, en particular do levado a cabo por Resistencia Galega.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao Sr. Blanco Paradelo.

Di o concelleiro que esta é unha moción que está presentando o seu partido, o PP de Galicia, en todos os Concellos de Galicia, e que eles queren traela ao Concello do Barco para que saiba a banda de Resistencia Galega que non ten que haber ningún oco en Galicia, ningún recuncho, ningún pobo, ningunha bisbarra, na que eles poidan ter cabida, nin eles nin as súas accións.

De seguido, o concelleiro dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e denotación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións

públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político.

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquer tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquer tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de O Barco de Valdeorras eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e en particular o levado a cabo por Resistencia Galega.
2. Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.
3. Rexeitamos calquer tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.”

Concédeselle a palabra ao Sr. Sierra Nieves quen di que quería introducir unha modificación, aínda que non a presentou por escrito, que si se lle acepta a presentaría.

Di o sr Alcalde que o que presenta a moción é o PP, polo que senón falou co portavoz do PP, imaxina que dependerá do que diga a proposta.

Di o Sr. Sierra que vai facer primeiramente unha exposición.

Di que estase, como dixo moi ben o Sr. Blanco, ante unha moción desas que se envían desde os partidos, e a verdade é que tardaron, que a el xa lle estrañaba que non a presentaran, pero que ben vida sexa.

Di o concelleiro que o PP xa leva meses poñendo en marcha unha estratexia de criminalización do BNG e en xeral de todo o nacionalismo, iniciándoa o delegado do Goberno español en Galiza cunhas declaracións inaceptables, sucedéndose despois as dalgúns representantes do PP, entre eles algúns alcaldes, na mesma dirección, ademais dunha liña informativa da TVG coherente con ese mesmo esquema, ao estar totalmente controlada polo PP.

Di o Sr. Sierra que todo isto coincide con dúas cousas, ven a colación de que por un lado Francisco Jorquera participou nunha manifestación cando

estaban desafiando a unha veciña na Coruña, e tamén na semana que xulgaban en Madrid a varios mozos independentistas, que por certo, non teñen nada que ver co BNG.

Di que non é a primeira vez que o PP emprega unha campaña destas características co fin de danar ao BNG e engade que, historicamente, o PP sempre utilizou o terrorismo como coartada para tapar os problemas e conflitos sociais e políticos, facéndoo tamén agora, unha vez máis, para ocultar a situación dramática que está a padecer o pobo galego, e tamén, singularmente, para demonizar ás persoas e organizacións que desde posicións democráticas exercemos o dereito de pobo galego á autodeterminación nacional e á soberanía política, de feito, tanto é así, que o PP aínda segue a buscar a algún vasco no metro de Atocha.

Por eso, di o concelleiro, que o seu Grupo considera que é unha evidente estratexia do PP para desviar a atención de, por exemplo, os casos de corrupción, buscándose criminalizar a protesta social e intimidar á cidadanía máis consciente e activa contra as súas políticas. Sinala o concelleiro que, ademais, é coñecida a posición contraria do BNG, como organización democrática e pacifista, a calquera tipo de acto ou estratexia política de carácter violento.

Di o concelleiro que felizmente aquí non hai terrorismo nin a sociedade galega manifesta ningún tipo de percepción nin preocupación nese sentido, polo que non ten sentido pedir que se condene algo que non existe.

Di o concelleiro que a violencia que si existe na Galiza é a das políticas europeas e as políticas do PP, que están a empobrecer socialmente e a desertizar economicamente o noso país. Di o sr Sierra que, como xa dixo, non ten ningún tipo de problema de terrorismo, aínda que si hai outras cousas como o desemprego, recorte de dereitos, emigración xuvenil, persoas estafadas pola banca, casos de corrupción masiva, como na Deputación de Ourense, onde goberna o PP, ou no Concello de Santiago onde tamén goberna o PP. Di tamén o concelleiro que temos un Presidente da Xunta con moi mala memoria xa que cando era un alto cargo facía viaxes de pracer e andaba en festas privadas nos iates con narcotraficantes.

Di que si se preguntara na rúa, aquí mesmo no Barco, a cen persoas elixidas de forma aleatoria cáles son os problemas que lles preocupan, seguro que entre eles non está o terrorismo, e seguramente estarían outros moitos dos que vostedes son responsables e eso si que é violencia, como o desemprego,

a vivenda, o incremento da pobreza, a corrupción e a estafa bancaria pero non o terrorismo.

Di o sr Sierra que acabamos de ver fai moi poucos meses como no Brasil, durante uns días de manifestacións masivas en varias cidades grandes do país, algunhas mesmo con episodios de violencia como en Río de Xaneiro, a resposta do goberno de Dilma Rousseff foi recoñecer as protestas, valorar positivamente a mobilizacións en defensa dos servizos públicos básicos e ofrecer un gran pacto para avanzar no camiño demandado polos manifestantes e polas manifestantes, mentres aquí en Europa seguimos a rirmos de Sudamérica.

Di o voceiro do BNG que aquí en Galiza sabemos cál é a estratexia do PP, a criminalización de toda protesta social, que é a forma que ten o PP de entender a democracia, e que neste contexto o BNG defende, por suposto, a viabilidade da desobediencia civil e da mobilización social, como métodos lexítimos de autodefensa popular.

Di que quere explicar o que é violencia. Violencia é que te estafen, que te rouben os aforros dunha vida con produtos como as preferentes e as subordinadas permitidas polo PP, violencia é quedar na rúa con cartos na banca, violencia é non poder seguir a estudar por non ter diñeiro para pagar a matrícula universitaria, violencia é ter que marchar de Galiza en busca dun futuro que aquí se che nega, violencia é pasar toda a vida traballando para que agora che recorten unha pensión xa de por si escasa, violencia é que dende Europa se che negue a posibilidade de producir e de crear riqueza e emprego nos sectores básicos da túa economía, violencia é recortar en saúde, en educación, en igualdade e en dependencia, violencia é a que fai o PP mentres que os que recortan reciben e reciben soldos millonarios en sobres e serán premiados no futuro con postos en grandes entidades e empresas ás que hoxe benefician as súas decisións, ese é o PP, esa é a verdadeira violencia que exerce o PP con todo o pobo galego.

Remata o Sr. Sierra sinalando que, por todo o dito ata o de agora, quería presentar unha modificación a esta moción, e que quería cambiar o punto 1 eliminando *“Resistencia Galega”*, conservando todo o demais, e cambiar o punto 2 por *“Manifestamos o rexeitamento a todo tipo de violencia ou terrorismo, nomeadamente rexeitamos a dictadura franquista que acabou con miles de vidas e que os efectos colaterais aínda chegan aos noso días, polo tanto manifestamos tamén a nosa reprobación a todas aquelas persoas que colaboran co réxime fraticida e que hoxe ostentan cargos públicos ao*

amparo do PP. Esta Corporación ademais apoiará a todos aqueles intentos de xulgar aos asasinados da época e instará á Xunta a que faga o propio.”

Concédeselle a palabra ao Sr. Blanco Paradelo quen di que o que dixo o Sr. Sierra é outra Moción que podería traer ao Pleno e que non teña ningunha dúbida de que a apoiaría.

Di que o que se está a falar é dun tema concreto, que senón preocupa moito, hai que estar atentos para que non preocupe demasiado dentro dalgúns anos, para que non vexan en ningún tipo de palabras xustificación de actividades violentas.

Di que sen violencia pódese defender practicamente todo, pero que o grupo do que se está a falar leva 137 accións violentas, e que eso debe preocupar a todos.

Di o concelleiro que outro día, se quere o Sr. Sierra, poderase falar do franquismo, que por certo xa houbo algunha resolución unánime na cámara do Parlamento de rexeitamento e condena do franquismo, que por eso non hai ningún problema.

Di o Sr. Blanco que no Concello da Rúa aprobouse esta moción por unanimidade, e alí tamén está o BNG, e que noutros concellos tamén a aprobaron por unanimidade.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde quen di que en principio a moción non lle gusta, porque que el recorde nunca presentou, nin falou en lugar público, nin meteu no debate político o terrorismo, e cre que ese é o camiño, aínda que desgraciadamente ao PP lle gusta meter no debate político o terrorismo, pois o fixo con ETA e agora aproveita tamén para facelo.

Di o Alcalde que quere poñer como exemplo de cómo hai que loitar contra o terrorismo o que se facía e se segue a facer no Reino Unido, onde xamais houbo debate político co terrorismo do IRA, resolvéndose sempre falando os portavoces da cámara dos Lores ou dos Comúns intentado atopar solucións consensuadas para loitar contra esa lacra.

Di que en calquera caso o seu partido non é sospeitoso de non estar radicalmente en contra do terrorismo e polo tanto, aínda que o contido da moción non é para o debate político nin para o enfrontamento político, senón que estas cuestións teñen que resolvelas quen ten que resolvelas, o Goberno e as forzas e corpos de seguridade coa colaboración de todas as

forzas políticas do momento, e evidente que o seu Grupo vai votar a favor porque están de acordo en rexeitar calquera tipo de movemento terrorista.

Remata dicindo que, como xa dixo, van votar a favor aínda que deixando claro que o terrorismo non debería ter cabida no debate político neste país.

Fai uso da palabra o Sr. Sierra Nieves quen di que imaxinaba que o Sr. Blanco non ía aceptar a modificación, aínda que nese primeiro punto a modificación que lle propón sería *manifestar o rexeitamento e condena do terrorismo*, a todo o terrorismo, a todo sen poñer ningún apelido. Di que evidentemente nin el nin o voceiro do PP teñen que ver co franquismo, pero que no partido do PP sábese que hai xente que ostenta cargos públicos e que pertenceu a esa ditadura. Remata o sr Sierra dicindo que, deixando claro que o BNG rexeita de cheo toda a acción violenta e que teña que ver co terrorismo, vanse a abster na Moción.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno acorda:

1 Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e en particular o levado a cabo por Resistencia Galega.

2 Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.

3 Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.

FASE DE CONTROL ÓS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º Mocións urxentes

Di o sr Alcalde que hoxe presentou o BNG unha moción para que se tomen as medidas necesarias para paliar os danos causados polos incendios.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o voceiro do BNG, Sr Sierra Nieves dá lectura á moción presentada, que copiada literalmente di:

“MOCIÓN PARA QUE SE TOMEN AS MEDIDAS NECESARIAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLA VAGA DE LUMES E SE POÑA EN MARCHA UNHA NOVA POLÍTICA CONTRA OS INCENDIOS.

EXPOSICIÓN

Os incendios forestais son froito de décadas de políticas de fomento do abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais, da especialización da Galiza en cultivos forestais de crecemento rápido, cuns montes en moitos casos en estado de abandono, de caos urbanístico e falta de ordenación de territorio e de despoboamento progresivo do noso medio rural.

A política forestal e agrogandeira do PP non só é destrutiva coas potencialidades do agro galego, ao expandir a desertización e abandono de amplas zonas do territorio e tamén permitir a introdución de masas forestais con especies pirófitas (como o piñeiro e o eucalipto) en zonas próximas aos asentamentos de poboación, senón que ademais contribúe a alimentar os factores que propician os incendios forestais.

Ao longo de moitos anos, os sucesivos gobernos do PP destinaron inxentes fondos económicos a subvencionar o abandono da actividade agraria, co que moitas comarcas do país ficaron desertas e o seu territorio, ao carecer de actividade agraria, abandonado ao mato, sen un mínimo cultivo e propiciando con iso a propagación explosiva de incendios forestais. O mapa das zonas máis afectadas polos incendios dá proba diso, a incidencia dos lumes é moito menor nas comarcas onde a actividade agraria mantén unha presenza relevante, co que esta política de incentivos para cesar no traballo no agro aumentou gravemente o risco e proliferación de incendios forestais en amplas zonas do país.

O actual Goberno galego acometeu medidas que agravaron a desprotección do territorio e das persoas ante a ameaza dos incendios forestais.

Por unha banda promoveu medidas lexislativas consistentes na eliminación ou redución considerábel das distancias de separación das plantacións forestais aos núcleos rurais, na autorización de novo das plantacións de masas continuas de especies pirófitas, na supresión de faixas de especies frondosas que actuaban de corta lumes, ou na eliminación de medidas que pretendían implicar á poboación na xestión e defensa do monte, como son a desaparición do voluntariado do monte ou das axudas para brigadas de prevención das propias comunidades de montes, entre outras.

Por outra banda, os recortes indiscriminados aplicados polo PP desde 2009 tamén afectan de cheo a un dispositivo de emerxencias e seguridade, como é o da loita contra o lume, que retornou a un nivel de recursos similar ao de hai unha década, agravado por unha nefasta xestión administrativa que demorou o seu desenvolvemento até moi avanzada a época de alto risco, así como a case total eliminación de actuacións preventivas básicas, e finalmente, retomou un modelo de dispositivo fracasado, co regreso de brigadas municipais, sen unhas mínimas esixencias profesionais e que favorecen a fragmentación do mando único do

dispositivo.

O monte volve estar desprotexido, o PP teima en políticas que arredan a poboación do rural da xestión e a implicación vital e económica co monte, e que favorecen un modelo produtivo intensivo sen ter en conta unha mínima ordenación dos cultivos. Como resultado, hai máis combustíbel nos montes e terras de cultivo que nunca, hai máis perigo preto de núcleos poboados polo abandono fomentado das terras agrarias que circundan os núcleos de poboación e mesmo por conceder de novo axudas públicas á forestación de terras agrarias a menor distancia dos asentamentos rurais.

Á vista disto, non cabe parapetarse exclusivamente no proceder delitivo de pirómanos e incendiarios. A investigación e persecución dos autores dos incendios é inescusábel e tamén prioritaria, mais tamén o son a adopción de políticas e medidas que preveñan e minimicen os efectos dos incendios forestais. A política contra os lumes forestais do goberno do PP baséase exclusivamente en apagar lumes, mesmo de xeito deficiente dadas as restricións orzamentarias aplicadas aos servizos de extinción, tamén a custa dunha falsa austeridade que se emprega para afogar o financiamento de servizos públicos básicos ao tempo que se prodiga en rescatar con fondos públicos á banca. Non hai política forestal preventiva, planificación de cultivos, ordenación territorial, colaboración coa veciñanza do medio rural para vivir e protexer o monte, hai unha fuxida e un desenfoque dos problemas reais do monte e do medio rural, cinguindo a loita contra os lumes forestais a unha cuestión de orde pública, o que, sen dúbida, fará que persistan os incendios forestais como unha enfermidade crónica para Galiza.

Por todo o dito, propomos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Dirixirse a Xunta de Galiza para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción.

2. Dirixirse a Xunta de Galiza para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

-Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndoos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.

-O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas.

-Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva.

-Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento.

-A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como desprezar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.

-Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes.

3. Solicitar da Xunta de Galiza a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:

*Restablecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etc)

*Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume.

*Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas.

*Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviais e marítimos.”

Fai uso da palabra o Sr. Blanco Paradelo quen di que o Sr. Sierra leva dous anos no Concello e que hai un xeito de traballar, uns cauces para poder presentar as cousas. Así, dille que se non presenta unha moción en papel se digne polo menos en mandar unha mensaxe, porque esta moción lla pasaron ás tres tarde e tense que informar do asunto, que si se quere facer un debate en serio hai que dar tempo para preparalo senón maniféstase o voto e acabouse.

Di o sr Concelleiro que vai tratar de dar resposta a todo o que se expón na moción

Di, en primeiro lugar, que ao plantexar un debate debe partirse dun punto obxectivo e certo, sinalando que o que plantexa o BNG parte de posicionamentos erróneos, pois no primeiro parágrafo da moción chama a atención que o BNG xa saiba cal é a orixe dos lumes, cando todo apunta a que máis do 80% das causas dos lumes son provocadas posto que non é casualidade que cando xurde un incendio aparezan doce ou quince focos na mesma zona.

Dille tamén ao Sr. Sierra que lle gustaría que ao comezo da moción dixese que condenaba todos os actos dos incendiarios e que todos os pirómanos deberían estar no cárcere e cumprir as súas penas, e despois se dixera todo o demais, lembrándolle que o BNG tivo responsabilidades directas nesta

materia no goberno do bipartito sen que sexa a área da xestión da que máis podan presumir, polo que pide que se documenten cando plantexen os debates.

Dille tamén ao Sr. Sierra que con respecto ao segundo parágrafo, que é curioso que as áreas de Galicia que menos arden son as que teñen certa especialización na plantación de especies de crecemento rápido ou que fixeron un importante esforzo na xestión do monte, sendo aquí onde hai que traballar.

Di que con respecto ao parágrafo terceiro, que quen incrementou dun xeito sensible os fondos para axudar á incorporación dos máis novos eidos productivos foi o goberno do PP e que eso teñen que recoñecelo. Que se incrementaron as axudas ás explotacións e os datos están aí. Así, no ano 2006, que estaba gobernando o BNG, destináronse 2,7 millóns, e no ano 2012, 6,6 millóns, que hai que facelo mellor, si, que hai que seguir traballando, si, pero que os datos están aí. Sinala tamén que falla a argumentación cando dise que as comarcas que non teñen actividade agraria son as que menos incendios teñen porque as comarcas da zona do Deza ou concellos como Rodeiro, Dozón, ou áreas de Mazaricos teñen igual número de lumes

Di o concelleiro, con respecto aos parágrafos catro e cinco, que non se reduciron distancias de plantacións, que a modificación da Lei trouxo unha clarificación das distancias da xestión da biomasa nas mesmas, que sinalouse a necesidade de efectuar as medicións desde as liñas de solo urbano e núcleo rural e clarificouse a situación de moitas vivendas que se atopan fóra de ordenación. Di que a existencia de plantas pirófitas ou frondosas non reduce ou aumenta per se a sucesión dos lumes. Di que o voluntariado do monte non desapareceu e mesmo se acrecentou, que continúa un programa da Dirección Xeral da Xuventude e Voluntariado, así como un convenio coa Federación Galega de Caza para o apoio na prevención e detención de incendios, que prevense a sinatura doutros convenios coa Federación Galega de vehículos 4x4 e coa de Radioaficionados, polo que estanse a facer cousas. Di e que non desaparecen as axudas ás comunidades de montes e que séguese apoiando a organización de labores de prevención con máis de tres millóns de euros. Remata, polo tanto, dicindo que haberá que ter certa solidez para facer algunhas afirmacións.

Di o Sr. Blanco que con respecto ao parágrafo seis non existen recortes no dispositivo de extinción, ningún. Di que o plan de prevención e defensa contra incendios (PLADIGA), presenta para o 2013 unha continuidade en

cousas que se xa se fan dende o goberno Bipartito, porque son criterios técnicos, e que o total do número de efectivos se incrementou en 19 persoas con respecto ao ano anterior, que serán poucas pero que non se reduciron. Di que en todo caso cabe destacar que se consolida o persoal funcionario, o laboral fixo e fixo descontínuo da Xunta e que medra case un 22% en relación ao pasado ano. Di que o que si fixo recortes no operativo foi o BNG no ano 2006 e coas consecuencias que houbo por aquel entón en Galicia, e que o Sr. Sierra sabe e coñece, por eso, di que teñen que ter un pouco de tacto para criticar estas cousas, xa que daquela a Dirección Xeral de Montes anunciara nunha roda de prensa unha redución do 34% nos medios humanos e dun 30% en helicópteros e a cancelación de convenios con Defensa.

Di o voceiro do PP que non é certo que se contratase tarde, que a incorporación dos medios faise progresivamente, atendendo ás épocas e o risco inherente a elas, tendo en conta tamén as condicións meteorolóxicas, que eso é moi importante, e que no mes de agosto estaba plenamente operativo todo o dispositivo, sen embargo na época na que o BNG xestionou este operativo, no ano 2006, si existiu un evidente descontrol administrativo nas contratacións.

Di que as brigadas municipais dispoñen da mesma formación e medios que calquera das incorporadas en épocas de alto risco no ano pasado, que non é certo que sexa un modelo fracasado, nin que se abandonase a prevención pois os datos de superficie de actuación das tarefas de silvicultura e a prevención, no ano 2013, están en torno ás 60.000 hectáreas. Di que non é certo que se necesite un mando único porque xa existe no PLADIGA.

Que con respecto ao parágrafo sete, onde di que o monte volve a estar desprotexido, etc., etc., di que coa Lei de Montes eso non é así, que hai un plan e unha planificación para facer as cousas, é dicir que non se sostén ningunha das afirmacións que fixo o Sr. Sierra.

Di o concelleiro que quere poñer algún exemplo en relación cos incendiarios, sinalando que, no caso do Barco de Valdeorras, en agosto, existiron vinte focos simultáneos ao longo dun quilómetro de estrada, e se pregunta se eso foi por causas naturais. Di que hai que ter coherencia pois antes cando estaban no Goberno, CIGA ou Nunca Máis, mostraban continuamente a repulsa ao terrorismo incendiario e dicían que os incendiarios non deben quedar impunes, agora non o din, que deben ter coherencia xa que poden dicir eso e á vez arrearlle ao goberno.

Finalmente di o Sr. Blanco que o seu Grupo non pode aprobar a moción porque sabendo de forma responsable que hai cousas a mellorar, non se pode aprobar un texto que pretende facer unha emenda total ao PLADIGA e ao plan e as políticas agrogandeiras da Xunta de Galicia.

Remata o voceiro dando os datos dos lumes e das hectáreas que arderon: no ano 2006, 91.423,8 hectáreas, gobernando o BNG, e no ano 2012, 13.471 hectáreas, que seguen a ser moitas pero pide que se faga unha comparación, afirmando que estase a traballar na boa liña e que van rexeitar a moción.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde quen di que a cuestión é o monte e o territorio, que é un tema de estado que neste país somos incapaces de pactar, porque o que non se pode negar é que Galicia está ardendo polas catro provincias. Di que negar eso é negar a evidencia, e que é verdade que Galicia arde porque alguén lle prende fogo, pero con eso non se pode quedar un, porque hai zonas deste país onde non arde e non hai incendiarios, e eso por algo será, poñendo o exemplo da provincia de Soria, que ten hectáreas, quilómetros e quilómetros cadrados de piñeirais e non arden nunca, e eso é porque producen beneficios, porque están regulados, porque cada pobo que está nas inmediacións dese piñeiral vive do monte, e hai serradoiros, fábricas de mobles e unha serie de produción de riqueza que non temos en Galicia.

Di que aínda que a moción tamén lla deron a última hora e non a leron con profundidade, na globalidade do texto hai que estar todos de acordo sen entrar no debate político, porque o problema é ese pois cando o conselleiro era do BNG o PP estaba na rúa todos os días criticando todas as medidas do goberno naquel momento, e agora faise o mesmo pero ó revés, e así é como non se solucionan os problemas deste país, que o que hai que facer e sentarse nunha mesa para ver qué se fai co monte, porque é unha vergoña que o monte non produza nada, por eso arde porque non lle importa a ninguén, porque non é de ninguén, e o monte ten que ser de alguén, en propiedade, en arrendamento ou como sexa, coa figura xurídica que se busque, pero o monte ten que ser de alguén e ten que producirlle a alguén riqueza porque ao non traballalo o monte non se pode limpar, e que nestes momentos o Goberno ten a responsabilidade de resolver estes problemas.

Di o Alcalde que o goberno de Madrid estase cargando literalmente, cercenando o municipalismo neste país e como non tivo valor de suprimir os concellos quitoulle as competencias e deullas ás deputacións e a un concello como O Barco pódennlle quitar os servizos sociais ou o mantemento

dos colexios, pero ten que seguir pagando o Concello, aínda que non o vai xestionar, e mentres tanto a Xunta manda poñer brigadas de incendios aos concellos, e eso non è competencia municipal, pero os concellos que teñen brigadas poñen un millón e medio de euros e ese diñeiro afórroa a Xunta.

Di que o seu Grupo vai votar a favor da moción nese desexo de que de verdade se resolva este problema, que a Xunta está pendente de facer unha ordenanza para obrigar aos propietarios de terreos a que teñan limpas as franxas de protección pero esa ordenanza non sae.

Di que o Concello do Barco fixo este ano un traballo de identificación de parcelas, que da froito porque a xente está convencéndose de que ten que limpar, e en todos os pobos notouse este ano un incremento moi grande na limpeza de terreos, pero que hai concellos que non teñen medios para poder facer eso e é a Xunta a que ten que facilitar o traballo a eses concellos, ou tamén a iniciativa que puxo en marcha o concelleiro de Medio Rural de que a xente que queira que lle limpen a finca lla ceda a alguén, que xa o ten el falado coa Consellería, de que hai que conseguir que a xente poña os seus terreos a disposición daquel que os queira traballar ou daquela empresa que queira poñer un negocio, unha empresa forestal, gandeira, agrícola, de calquera tipo.

Di o Alcalde que algo hai que facer porque isto non funciona, porque non se pode estar pendentes todos os anos cando ven o calor de si vai haber ou non incendios, e haberá que aplicar medidas coercitivas pecuniarias e desde logo a cárcere, pois el sempre defendeu que o incendiario é un terrorista porque hai mortos en moitos deses incendios.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que se ten que chegar a un acordo de todos os grupos políticos para implantar unha serie de medidas para resolver o problema, que se ten que chegar a un consenso, a un pacto de Estado para dunha vez por todas facer neste país unha política agraria e de desenrolo e de xestión do territorio, que non existe.

Fai uso da palabra o Sr. Sierra quen di que subscribe case todas as cousas que dixo o Alcalde excepto a de que o PP saía á rúa.

Dille ó Sr. Blanco que o seu Grupo segue a dicir que os incendiarios non poden quedar impunes pero que non vale escudarse neso.

Di o concelleiro que nesta moción que presenta hai moitas solucións, aínda que é evidente que o voceiro do PP non vai a apoiar a moción porque eso

sería admitir que é un mentirán e un trapalleiro, posto que no último pleno no que o BNG denunciou o recorte do helicóptero de Vilanova e o Sr Blanco, parafraseando a súa conselleira Rosa Quintana, dicía que ese helicóptero estaba en San Xoán de Río e que ía a chegar perfectamente a todos os incendios que hai na Comarca.

Di que, sen embargo, o 11 de agosto cando ardeu o monte entre Seadur e Quiroga non había helicóptero e tiveron que vir os medios de Asturias e León, e gracias a que o Bloque denunciou esa situación de que en San Xoán de Río non había helicóptero, a Conselleira tivo que saír e facer unhas declaracións, e el estaba alí cando as fixo a pé do lume, chegando a recoñecer que se incorporaría tarde por problemas administrativos, e ese helicóptero despois de haber moitos máis focos de incendios en toda a Comarca non chegou ata o 21 de agosto, cando nesas declaracións da Conselleira dicía que en 3 días estaría en San Xoán de Río, e dende o 11 ao 21 son dez, e eses datos son así.

Fai uso da palabra o Sr. Blanco Paradelo quen di que comparte o discurso do Alcalde pero que parte dun erro de inicio, pois esqueceuse de dicir que o 98% do monte de Galicia está en mans privadas.

Di que lle consta que fai uns meses o Alcalde recibiu unha solicitude da Consellería pedíndolle que poña terreos a disposición para empezar a incrementar os proxectos de revalorización do monte, poñéndoo en valor, pero que de momento cústalle conseguilo porque evidentemente monte público non hai moito, polo menos esa é a información que ten el, é dicir, que a Consellería está esperando a que o concello do Barco poña a súa disposición terreos para empezar a incrementar os proxectos de revalorización do monte.

Di o voceiro que a Xunta de Galicia está dedicando en torno aos cen millóns de euros para prevención e extinción, co que supón nestes momentos de dificultades económicas, de crise e de necesidades sociais, polo que hai que ser todos conscientes deso e tamén da intolerancia cos que queiman o monte.

En definitiva, di o Sr. Blanco, que está de acordo con que se ten que traballar de forma conxunta, nun tema conxunto de Estado, aínda que o BNG non estea de acordo porque eles queren traballar solos, vivir eles solos cerrados na nación galega.

Continúa o concelleiro sinalando que quere contestar a dúas alusións. Di que non quere levarse mal co voceiro do BNG, aínda que o Sr. Sierra si porque ven coa escopeta cargada contra o PP; di que no seu Grupo cando se di o de mentirán ou se fala de hipocrisía, sempre solen poñerlle o de “política”, é dicir hipocrisía política, etc., que hai que ter tacto, que non se vai sacar máis sendo maleducado, que el non llo toma a mal pero que ás veces o Sr. Sierra ten certas expresións que non se axustan ao respecto persoal.

Pregunta o Sr. Blanco que a tarde que empezou o incendio en Quiroga e despois desprazouse ata Seadur, se tamén é casualidade que empezara pola tarde cando xa os medios aéreos poden traballar pouco, pois o alcalde de Larouco, que é outro mentirán político, dixo que aos nove minutos viña o helicóptero e ese día estaban intervindo medios en doce incendios en toda Galicia, e nin a oposición de Larouco dixo nada, nin a da Rúa, nin a de Quiroga, solo o voceiro do BNG foi o que se meteu con eso, é máis o Partido Socialista na máis virulenta crítica que fixo o seu secretario provincial, falou de todo pero en ningún momento falou dos medios aéreos.

Di que tamén quere darlle un dato ao voceiro do BNG respecto dos lumes da Comarca. Di que no ano 2012 houbo 14 focos de incendios e no ano 2013 6 focos, que son moitos pero que houbo unha redución, pois de 1.500 hectáreas, contando o gran incendio do Barco, no ano 2012, este ano baixouse a menos de 1.000 hectáreas, que por suposto que hai que seguir baixando, pero nos últimos anos reducíronse máis do 22% os incendios na zona, e segundo lle dixeron técnicos cualificados, este verao foi un dos que menos incendios houbo na Comarca e na zona, aínda que nos parecen moitos, que quizás influíron moitas cousas, como a vixilancia, pero que hai que darlle un voto de confianza ao traballo, pois fíxose un plan, o PLADIGA, pónense subvencións para incrementar as Brigadas, os GES, a vixilancia..., polo que pensa que se está a traballar na mellora aínda que sega sendo insuficiente.

Remata dicindo o Sr. Blanco que hai que poñer o monte a producir e esa será a mellor política de prevención.

Fai uso da palabra o sr Arias Fernández quen di que foi unha xestión pésima o quitar das brigadas dos incendios á xente experimentada que había, e por riba cargarlle o morto aos concellos, porque non todos os concellos están preparados pois algúns levan anos co problema dos incendios e xa teñen experiencia neso. Di que é mellor gastar máis en prevención e menos en medios, que o que fai falta é a colaboración entre todos.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para facer unha precisión, sobre un tema que se citou e respecto do cal, ao final, vai parecer que a culpa de que non se faga ningunha repoboación no Barco é do Alcalde.

Di que no incendio do ano pasado el estivo falando horas coa Conselleira de todos estes temas. Di que cre que se houberan seguido máis tempo falando houberan chegado a acordos e houberan posto cousas en práctica, pois chegaron a un punto de medio consenso.

Di o Alcalde que despois deso, cando finalizou a tempada de incendios, tivo unha nova reunión coa Conselleira e o Secretario Xeral, como habían acordado, e alí quedouse en que había que repoboar o monte con castaño, porque é rendible, pero en grandes superficies, e que el lévalle repetindo moitas veces ao Secretario Xeral que cando se pon en marcha o acordo acadado.

Di o Alcalde que el o que quere é que lle digan que se vai facer o plan de reforestación e de plantación de castaños en Valdeorras e que el se comprometeu a conseguir tres ou catro zonas de entre 20 e 25 hectáreas para que podan ser rendibles e dean traballo a tres ou catro familias que se impliquen neso. Di que algo deso xa se falou cos pobos e que si mañá poñen o plan en marcha nunha semana pódese poñer xa algún terreo a disposición.

Di que el sabe das dispoñibilidades económicas da Consellería, polo que acepta que se atrase, pero que cada vez que se fale deste asunto que non pareza que o Alcalde non puxo os terreos, que el pon os terreos cando se concrete o plan pois non pode implicar aos veciños nunha cesión e que despois todo quede en nada.

Fai uso da palabra o Sr. Blanco quen di que si ó Alcalde lle ven ben el recolle o guante e na próxima comisión o transmitirá para que canto antes se concrete o tema.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete votos en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez), o Pleno acorda:

1. Dirixirse a Xunta de Galiza para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción.

2. Dirixirse a Xunta de Galiza para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

-Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndoos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.

-O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas.

-Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva.

-Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento.

-A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como despreparar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.

-Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes.

3. Solicitar da Xunta de Galiza a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:

***Restablecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etc)**

***Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume.**

***Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas.**

***Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviais e marítimos.**

2º Rogos e preguntas.

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo que, unha vez concedida, di que por aquilo de que se empeza curso político, ten un rogo de carácter xeral e nove máis, pero non para que o sr Alcalde lle conteste hoxe, senón simplemente para deixalos como deberes para o inicio do curso político.

Di o Sr. Alcalde que entón xa non toma nota e que consten en acta os rogos.

Di o Sr. Blanco que o primeiro rogo, de carácter xeral, fai alusión ao respecto democrático.

Di que durante todos estes anos que leva no Concello percibe cousas que non lle gustan e dillas ao Alcalde e algunhas corríxeas e respecto doutras fai caso omiso, pero que o que non pode ser é o que sucedeu na Comisión Informativa de Medio Ambiente que se celebrou onte.

Di o concelleiro que non lle vai a pedir ao Alcalde que desautorice ao seu concelleiro delegado, porque sabe que non o vai facer, pero que está seguro de que non está de acordo coas declaracións que fixo dito concelleiro, xa que non se poden permitir. Di que os compañeiros do seu Grupo están indignados e estiveron a punto de abandonar a Comisión, cando o concelleiro delegado dixo que non ían a convocar Comisións para que eles viñeran a cobrar.

Di o voceiro que el leva insistindo en que hai que convocar as comisións coa periodicidade establecida, ás veces se fai e outras non se fai, e que o grupo de goberno, coa maioría absoluta, ten que comparecer publicamente aquí unha vez ao mes e outra vez cada dous meses para que a oposición poida, se non teñen asuntos que levar, propoñer cousas, preguntar e demais.

Di que lle parece unha falta de respecto que compañeiros que saen do traballo para ir á Comisión se atopen con eso, e que non é a primeira vez pois xa outra vez un membro do equipo de Goberno dixo, publicamente, que os concelleiros solo veñen a cobrar.

Di o voceiro que sabe que o Alcalde non está de acordo con eso e pídelle por favor que non volva a pasar, que non se comece a dar mostras de falta de transparencia e falta de respecto democrático, que llo di con bo ton, que o que pide é respecto no xogo político e democrático, que cre que o merecen todos pois están na Corporación por auténtica devoción e non polo que cobran.

A continuación o Sr. Blanco plantexa o segundo rogo. Di que, como xa sabe o Alcalde, aprobouse unha moción no Pleno na que se acordaba a construción dunha nave municipal para gardar todo tipo de maquinarias, unha vez que se tivo que abandonar a nave da rúa Santiago Melo Pison, preguntándolle ao Alcalde qué vai facer con este tema.

Preguntar tamén o Sr. Blanco, que vai pasar co solar do antigo Matadoiro, qué se vai facer con ese solar, que se debe buscar unha solución.

Outra cuestión que plantexa o voceiro do PP é a relativa á recollida de algúns contedores, pois o seu grupo detectou que a certas horas, ás dez ou ás once da mañá nalgúns rúas aínda están sen recoller, neste caso os de papel e cartón, e que é unha mala imaxe que afea o pobo e sobre todo cando coincide nalgúns casos diante de establecementos comerciais, polo que pide que adianten esa recollida e se non pode facerse, que polo menos empecen por esas zonas de ámbito máis comercial.

Outro tema que plantexa o concelleiro é o relativo ao paso subterráneo da vía do tren na estrada que vai a Veigamuñños, pois cada vez que chove no Barco inúndase pouco ou moito, polo que pide que se busque unha solución.

A continuación se refire o concelleiro a outra cuestión, cal é a relativa a que os obreiros do Concello estiveran traballando un mércores a unha do mediodía nun parque infantil, con nenos xogando ao lado, considerando que non son as horas máis recomendadas para traballar alí, polo que pídelle ao Sr. Alcalde que coordine mellor esas cousas.

Plantexa tamén o concelleiro outra cuestión ao concelleiro de Cultura. Di que, con todo o respecto e cariño, e no relativo aos pregoeiros das Festas, que teña a ben convocar a Comisión Informativa e comentar este temas nelas, pois de alí poden saír ideas entre todos os membros sobre estas cuestións e outras coma os carteis, etc..

Se refire o Sr. concelleiro seguidamente ao viveiro de empresas, dicindo que está practicamente baleiro a calquera hora que se vaia, e pide que se traballe na súa promoción e no seu impulso xa que é o único que hai en toda a zona e case en todo o oriente ourensán.

Respecto aos asuntos sociais, di o voceiro do PP que espera que a concelleira cumpra máis as periodicidades, pois aínda que non teña moitos temas, a concelleira do seu Grupo Sra. Rodríguez Vázquez, pódelle dar mil ideas e poñelas en práctica, e que a ver si se consegue que arranque ese Banco do Tempo e que non se esquezan das conmemoracións máis significativas, como pasou noutros anos.

Finalmente, di o Sr. Blanco que o último rogo que formula e que se empece a traballar xa nos Orzamentos municipais para o ano 2014, xa que é desexo do seu Grupo que se aproben en tempo e forma e que cando os concelleiros teñan clara a planificación de actividades do ano 2014, se puideran ir convocando as Comisións informativas e ir debatendo as propostas e axustes.

Di o sr Alcalde que todas as cuestións plantexadas encaixan nas diferentes Comisións e polo tanto falarase delas nas respectivas Comisións.

Di o Sr. Alcalde que quere aclarar a cuestión de que os obreiros traballaran nun parque infantil con nenos á unha da tarde. Di que os traballos empezaron as sete da mañá e loxicamente remataron á unha da tarde, que estaba todo valado e pechado, pero que os nenos e os adultos que os acompañaban quixeron entrar no parque a pesar de estarse a traballar, sinalando que, en todo caso, non eran traballos que supuxeran perigo algún.

A continuación, concédeselle a palabra por alusións ao sr Alonso Araujo, concelleiro delegado de Medio Ambiente, quen di que, con todo o respecto e cariño ao portavoz do PP, lle doe moito que lle mintan os seus compañeiros e lle quere dicir por qué, porque senón saben conxugar o verbo vir pois hai uns dicionarios nos que aparece a segunda persoa do plural do verbo vir que di “*veñamos*” e a terceira persoa do plural do verbo vir que di “*veñan*” e que el nesa Comisión dixo que non estaba disposto a convocar unha Comisión *para que veñamos aquí a cobrar sen ter nada que dicirnos*, e que apostillou, que *si queremos xuntarnos porque nos apetece xuntarnos temos un café no que podemos estar todos*, e que así vai quedar reflexado na acta, e que está de testemuña a técnico que estaba de secretaria da Comisión e os demais compañeiros, e que el dixo “*veñamos*” segunda persoa do plural do verbo vir, e que non dixo “*veñan*” terceira persoa do plural do verbo vir.

Pide a palabra o sr Sierra Nieves que, unha vez concedida, di que se ben en agosto todos temos dereito a non traballar, as zonas de lecer cando máis din é precisamente en agosto, e o Campiño de Viloira e o Pinar do Pega están cheos de lixo e fai máis dun mes que non se baldean as xardineiras as cales tamén están cheas de lixo, precisamente no mes no que estas zonas máis se visitan, polo que lle gustaría que se limpara.

Contesta o Sr. Alcalde que hai unha persoa que ten o encargo de limpar a área recreativa do Salgueiral, a parte baixa do Malecón, o Cemiterio e o Parque A Cruz, e se non o fai todos os días porque non lle da tempo faino cada dous días, porque é o seu traballo e está dedicada a eso exclusivamente.

3º Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 299/13 ata o nº 410/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño, 4 e 11 de xullo e as de 1 e 22 de agosto de 2013.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 299/13 ata o nº 410/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño, 4 e 11 de xullo e as de 1 e 22 de agosto de 2013.

4º Dación de contas do informe sobre o cumprimento do establecido no Real Decreto-Lei 8/2013 de morosidade das Administracións Públicas e de apoio a Entidades Locais con problemas financeiros.

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe sobre o cumprimento do establecido no Real Decreto-Lei 8/2013 de morosidade das Administracións Públicas e de apoio a Entidades Locais con problemas financeiros.

5º Dación de conta do informe en materia de morosidade (2º trimestre 2013).

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do segundo trimestre do ano 2013, sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:50 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario acctal,

O alcalde

José de Lis Santos-Ascarza

Alfredo L. García Rodríguez